

*A ignorancia como liberdade. Análise do discurso de resistencia contra LNL en Galicia*

Montserrat Recalde  
USC

### Resumo

A política predominante cara ás linguas minoritarias dentro dos estados-nación europeos foi o pluralismo cívico, cuxa meta foi o monolingüismo social como forma de uniformación cultural, e que contrasta ostensiblemente co principio de respecto ao multilingüismo no seo da Unión Europea. En España, o marco constitucional e a descentralización do Estado deu lugar a procesos de planificación das linguas historicamente minorizadas. Pero estas políticas enfróntanse agora a movementos organizados de resistencia en defensa das linguas hexemónicas, que utilizan a retórica discursiva asociada á tradición dos dereitos humanos como principal arma persuasiva. O obxectivo deste artigo é tratar de desvelar as ideoloxías sociolingüísticas que se agochan detrás desta retórica e o valor simbólico que a incompetencia en galego e o monolingüismo en español adquire nas loitas pola hexemonía e os desexos de distinción social.

### Abstract

The prevailing policy for minority languages into the European nation-states was the civic pluralism, which aim was social monolingualism as a way for cultural homogeneization. This policy contrasts markedly with the principle of respect to multilingualism within the EU. In Spain, the constitutional order and decentralization of government has led to planning historically minority languages, but these policies now have to face organized movements of resistance in defense of hegemonic languages, that use the discursive rhetoric of human rights tradition as the main persuasive weapon. The aim of this paper is to reveal the sociolinguistic ideologies that hide behind that rhetoric and the symbolic value that incompetence in minority language and spanish monolingualism has in the struggle for hegemony and for social distinction desires.

Palabras clave: planificación lingüística, plurilingüismo, capital simbólico, ideoloxías lingüísticas, discurso.

Key words: language planning, plurilingualism, symbolic capital, language ideologies, discourse.

## 1. Introducción

A *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* (DUDH), aprobada o 10 de decembro de 1948 en Asemblea das Nacións Unidas (Resolución 217 A III), recolle o conxunto de principios morais fundamentais de respecto aos dereitos e liberdades cívicas que deben regular a práctica política dos estados-nación e a convivencia entre pobos. Porén, ningún artigo desta declaración reconece como fundamental o dereito á preservación e uso da lingua materna, feito significativo cando a lingua materna dun número nada desprezable de seres humanos non é oficial en ningún estado do mundo. A mención do idioma introdúcese, no segundo artigo, para excluílo, xunto a outras variables, como posible causa de discriminación<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> “Toda persona tiene todos los derechos y libertades proclamados en esta Declaración, sin distinción ninguna de raza, color, sexo, idioma, religión, opinión política o de cualquier otra índole, origen nacional o social, posición económica, nacimiento o cualquier otra condición” (<http://www.un.org/spanish/aboutun/hrights.htm>)

## 2. Políticas de homoxeneización lingüística en Europa

Sexa como for, a diversidade lingüística e os dereitos dos falantes foron, alomenos dende o século XIX, o “locus” histórico da loita política e a confrontación civil en todo o mundo (cf. Hobsbawn, 1991; Anderson, 1983, Siguán 1994[1992], 1996). O problema da xestión do multilingüismo en Europa nace vencellado á creación dos estados modernos e á política de uniformación lingüística propagada trala Revolución francesa (da que a propia Francia foi un claro expoñente). En palabras de Coulmas (1998: 67): “...the nation-state as it has evolved since the French Revolution is the natural enemy of minorities”. O concepto de “lingua nacional común” foi unha consecuencia do tamén novo concepto de “cidadanía”, e plasmouse na aplicación de iniciativas orientadas a borrar unha diversidade lingüística non cuestionada ata entón: “Previous forms of political organisation had not required this degree of linguistic uniformity” (May, 2002: 1). Os grandes imperios que precederon aos estados-nación non se preocupaban en exceso por assimilar culturalmente os diferentes pobos que incluían no seu interior, porque o importante era que pagasen os seus impostos. Esta filoloxía tamén estivo presente na política lingüística do Imperio Español en ultramar, que vacilaba entre a homoxeneización, querida polo poder político, e a conservación das linguas indíxenas pretendida polo poder relixioso (López Morales, 1998).

A uniformización lingüística foi o *leitmotiv* que guiou a vertebración das novas “comunidades imaxinadas” —expresión introducida por Anderson (1983: 23) para referirse ás estruturas estado-nacionais, resaltando a súa natureza cognitiva, subxectiva e emocional. Entre os cambios provocados polo abrollar nacional atópase o xurdimento dun novo tipo de vínculo afectivo entre a nación e os individuos, que pasaron de súbditos a cidadáns cando trocaram a lealdade ao rei pola lealdade á patria. Para afianzar o concepto de cidadanía e construír unha irmandade sentimental no seu interior, as ideoloxías nacionalistas dos “nacionalismos oficiais” (Anderson, 1983), converteron en homoloxías as palabras *estado, lingua e cultura* (Gellner, 2001[1983]). Anderson menciona tres importantes factores que contribuíron a elevar un dos vernáculos orais a lingua común: o *capitalismo impreso* —difusión capitalista do idioma elexido a través da imprenta—, o seu uso como lingua vehicular na rede nacional de escolas, e o exército. Invariablemente, as linguas e culturas seleccionadas como símbolos identitarios dos estados foron as dos grupos étnicos politicamente dominantes, e

alcanzaron a súa hexemonía grazas á súa institucionalización (como linguas de goberno, da administración e da educación) e á súa lexitimación legal (May, 2002)

Estas políticas tiveron unha influencia decisiva na densidade e distribución lingüística mundial, tal como se reflicte na táboa 1, onde o continente con menor número de linguas (Europa) é o segundo con maior número de falantes —dúas das tres L1 máis faladas no mundo son europeas: o español (329 millóns) e o inglés (con 328 millóns) ([http://www.ethnologue.com/ethno\\_docs/distribution.asp?by=size](http://www.ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=size)).

**Táboa 1: Distribución da diversidade lingüística no mundo<sup>2</sup>**

	Número de linguas	%	Número de falantes	%
África	2110	30.5	723.453.403	12.2
América	993	14.4	50.496.321	0.8
Asia	2322	33.6	3.622.771.264	60.8
<b>Europa</b>	<b>234</b>	<b>3.4</b>	<b>1.553.360.941</b>	<b>26.1</b>
<b>Pacífico</b>	1250	18.1	6.429.788	0.1

Elaboración propia a partir de datos de *L'Ethnologue*<sup>3</sup>:

No tratamento da diversidade lingüística, o centralismo das nacións-estado tivo o seu reflexo ideolóxico na política coñecida como “pluralismo cívico” ou “pluralismo liberal”, caracterizada polo valor da uniformización como vía para a igualdade entre as persoas. Que na DUDH non figure ningún artigo específico sobre os dereitos das minorías lingüísticas é coherente con esta política. O contrario equivalería ao recoñecemento, por parte dos estados asinantes, duns dereitos que porían en tea de xuízo a política uniformista que durante séculos levaran practicando no seu interior. Con todo, a partir dos anos oitenta, o pluralismo liberal comezou a ser cuestionado por unha nova corrente denominada “pluralismo corporativo” ou “multiculturalismo” (May, 2005), que defende o dereito á preservación das diferenzas lingüísticas e culturais das minorías étnicas e ten o seu reflexo ideolóxico nunha concepción máis flexible da identidade dos estados. Esta actitude máis tolerante cara ao multilingüismo plasmouse

<sup>2</sup> A columna 2 refírese ao número de linguas actualmente faladas nas cinco áreas do mundo (columna 1) como L1. A columna 4 achega información sobre o número de falantes que teñen como L1 algunha das linguas orixinais das áreas da primeira columna. As columnas 3 e 5 amosan as cifras relativas: (3) a das linguas de cada área sobre o total de linguas do mundo, e (4) a das persoas que falan como L1 algunha lingua orixinal das áreas da columna 1.

<sup>3</sup> [http://www.ethnologue.com/ethno\\_docs/distribution.asp?by=area](http://www.ethnologue.com/ethno_docs/distribution.asp?by=area).

politicamente nunha serie de normas legais de protección da diversidade<sup>4</sup>. Para explicar o peso crecente dos posicionamentos multiculturalistas aducíronse diversas causas, entre as que cabe salientar a evidencia numérica. Se no mundo hai aproximadamente 6000 linguas vivas en a penas 200 estados soberanos, parece claro que, como sostén Ruíz Vieytez (2004: 2), un achegamento monocultural e monolingüe non é acorde coa realidade lingüística da humanidade nin coa identidade cultural das persoas que a conforman<sup>5</sup>. A este factor, habería que engadirlle a repercusión da política lingüística da UE na modulación do discurso sobre o plurilingüismo. Os mesmos representantes que na xestión da pluralidade lingüística doméstica avogaban polo uniformismo, reclamaban en Europa respecto á diversidade. Esta política fixo posible que o Parlamento Europeo adoptase o multilingüismo total dende 1990, transformando a UE no que May (2002: 5) describe como “the largest translation and interpretation service in the world”. Como é lóxico, este dobre discurso obrigou aos estados a reconsiderar o argumentario a favor do monolingüismo no seu interior. A eficacia burocrática e a contención do gasto público era dificilmente compatible coa indulxencia cara ao inxente gasto xerado polos servizos de tradución ás 23 linguas oficiais da UE, que ascende anualmente ao 1% do presuposto (máis de 1000 millóns de euros<sup>6</sup>). Esta política multilingüe recibe esporádicas críticas de países como Alemaña, que, algo interesadamente e sen éxito, reclama reducir o número de linguas oficiais ás tres máis faladas (inglés, francés e alemán). Entrementres, os países prexudicados pola simplificación (entre os que figura España) rexeitan a iniciativa co argumento de que aumentaría a desigualdade entre os falantes das tres linguas maioritarias e os de todas as demais. Ante esta falla de acordo, a UE optou por manter o sistema multilingüe baixo o argumento da democracia e a transparencia (cf. <http://europa.eu/languages/en/document/59#4>). A defensa do plurilingüismo en Europa tamén provocou unha modulación dos discursos oficiais dos estados lingüisticamente máis liberais, como Francia. Con ocasión da creación do *Conseil supérieur de la langue*

<sup>4</sup> A Carta da Lingua Francesa en Canadá (1977), a Constitución Española (1978), a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos (Barcelona, 1996), a Carta Europea das Linguas Minoritarias ou Rexionais (1992), ou a emenda á Constitución francesa sobre o carácter patrimonial das linguas rexionais (2008). Unha mostra da hexemonía do pluralismo liberal foi a controversia suscitada en Francia por esta emenda e a vehemente denuncia da *Académie française*, que acusou á Asemblea Nacional de relegar o francés e ameazar a identidade nacional de Francia (cf. <http://www.academie-francaise.fr/actualites/index.html>). Este tipo de polémicas entre a visión “liberal” e “multicultural” da diversidade lingüística foron tamén unha constante en España.

<sup>5</sup> Pese a todo, só o 4% das 6000 linguas do mundo gozan dalgún estatuto de oficialidade (Romaine, 2002), e 48 grupos etnolingüísticos de Europa están seriamente ameazados, segundo o informe *Euromosaic* (1996).

<sup>6</sup> Cf. Espín, M.: “Babel bajo control. Los servicios de traducción del Parlamento Europeo ante la ampliación de la Unión Europea” ([http://www.esletra.org/Almagro/html/espinmrci\\_es.htm](http://www.esletra.org/Almagro/html/espinmrci_es.htm)).

*française* o 16 de novembro de 1999, o ex-Primeiro Ministro Lionel Jospin declaraba que o seu compromiso co multilingüismo sería máis crible se era incorporado á política francesa (<http://www.premier-ministre.gouf.fr>, apud. Langenbacher-Liebott, 2002: 40).

O máis rechamante deste paulatino paso cara ás posicións multiculturalistas foi que os tradicionais defensores do pluralismo liberal se apropiaron dos posicionamentos discursivos das minorías etnolingüísticas para elaborar un discurso vitimista que era xusto o que antes lles reprochaban a estas. Os laios dos intelectuais occitanos ante o dominio do francés penetran no discurso da *intelligentsia* francesa, que agora se lamenta de ter que ver como o seu idioma é relegado polo inglés<sup>7</sup>. Con todo, como suxire May (2002), que os estados máis coercitivos nas súas políticas monolingües sexan os máis vehementes na salvagarda do multilingüismo supraestatal é coherente cunha ideoloxía que concibe a nación-estado como a organización política suprema ou a única posible, receando de todas as alternativas (superiores ou inferiores) que poidan supor a máis leve diminución da súa soberanía.

### 3. A regulación dos dereitos lingüísticos en España

A realidade sociolingüística española está considerada, xunto coa francesa e a italiana, unha das máis complexas de Europa. Se ben unha corrente do discurso político adoita presentar a súa diversidade lingüística ben como problema, ben como excepcionalidade, o certo é que o 40% dos cidadáns do estado viven nun territorio no que existen dúas linguas oficiais, cifra que aumenta se lle engadimos os que viven en territorios con linguas minoritarias sen estatuto de oficialidade, como Asturias, Aragón e Melilla (cf. Vernet, 2007: 19) ou as variedades que non teñen territorio propio nin recoñecemento ou protección legal ningunha, como o caló ou as linguas da inmigración. O uso dun verbo existencial (“subsisten”, “existen”, “hai”) que non precisa de axentividade a penas pode disimular o feito de que estas variedades existen porque hai persoas que as falan. E, que en plena postmodernidade, continúen falándose variedades lingüísticas historicamente estigmatizadas pode servir para demostrar: a) que o plurilingüismo non é a excepción senón a norma, e b) que, para moitos falantes, a conservación da súa variedade lingüística materna é máis importante có estigma social (cf. Bouchard-Ryan, 1979). En efecto, o denominado “conflito” lingüístico en España,

---

<sup>7</sup> Sobre este aspecto, recomendamos a lectura de *Le français, une langue pour l'Europe*, Actes du Colloque de Bruxelles, 18-19 novembre, 1993. Cahiers de L'Institut de Linguistique de Louvain 21, 1-2.

non ten tanto que ver con que existan linguas minoritarias (numericamente) no seu interior, como con que existan linguas historicamente minorizadas —concepto que leva aparellada a marxinación social dos seus falantes ou a imposibilidade de exercer os seus dereitos na súa lingua materna.

En calquera caso, a descentralización do Estado español coa chegada da democracia trouxo un cambio de estratexia na xestión da diversidade lingüística por parte dos poderes públicos, dirixido a recoñecer os dereitos lingüísticos dos grupos historicamente minorizados. Este cambio quedou reflectido na Constitución Española (CE), que, alén de declarar o castelán como lingua oficial, protexe a diversidade lingüística en diversos apartados<sup>8</sup>. O status de oficialidade do castelán supón o seu recoñecemento polos poderes públicos como o medio normal de comunicación entre eles e cos particulares, con validez xurídica e con independencia da súa realidade ou peso como fenómeno social (cf. STC 82/1986, FJ 2)<sup>9</sup>.

Corresponde aos Estatutos determinar o ámbito e efectividade da declaración de oficialidade previamente recoñecida pola CE. A situación actual é que en oito das dezasete CA, e nunha das dúas Cidades Autónomas (é dicir, no 50% das autonomías) se recoñece expresamente a diversidade lingüística. En seis CA existe unha segunda lingua oficial xunto co castelán, ademais do aranés, que foi declarado oficial no Val d'Arán, polo actual Estatuto de Autonomía de Cataluña, art. 6.5. A estas hai que lles engadir o bable, aragonés e bereber, recoñecidas como “modalidades lingüísticas” obxecto de especial respecto e protección nas comunidades de Asturias, Aragón e na Cidade Autónoma de Melilla.

#### **4. A regulación dos dereitos lingüísticos en Galicia**

---

<sup>8</sup> Art. 3:

1. El castellano es la lengua oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla.
2. Las demás lenguas españolas también serán oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus estatutos.
3. La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección. (Constitución Española, 1978)

<sup>9</sup> No tratamento das linguas que fai o texto constitucional, Vernet (2007: 26) salienta dúas características, a incompleción e a diversidade: “(...) unas lenguas se protegen y otras se declaran oficiales y, dentro de éstas, una goza de plenos efectos en todo el territorio español y el resto de lenguas oficiales se circunscribe, a ciertos efectos, a unos territorios específicos, por lo que se establece también un criterio de territorialidad lingüística mitigada, según el cual la lengua castellana atraviesa todas las demarcaciones autonómicas, mientras que éstas son un obstáculo casi insalvable en relación a los derechos lingüísticos de las otras lenguas oficiales”.

En Galicia, o marco regulador básico sobre a situación lingüística está establecido no art. 5 do Título Preliminar do Estatuto de Autonomía, aprobado en 1981. Este artigo inclúe catro preceptos lingüísticos: (i) o galego é “lingua propia” de Galicia, (ii) o galego e o castelán son linguas oficiais de Galicia, (iii) a garantía da non discriminación por razón de lingua e (iv) o compromiso dos poderes públicos galegos de asegurar o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego e facilitar o seu coñecemento.

O carácter de lingua “propia” non só alude ao vínculo histórico entre a lingua galega e o territorio galego. Segundo Vernet (2007: 51) ten, ademais, consecuencias xurídicas relacionadas coa responsabilidade dos poderes públicos na súa normalización, mediante a garantía do seu coñecemento e o potenciamento do seu uso. O concepto de lingua propia será desenvolvido pola Lei de Normalización Lingüística (LNL) do 15 de xuño de 1983, que regula os dereitos lingüísticos dos cidadáns e o uso da lingua oficial minoritaria nas institucións, a educación e os medios de comunicación.

Resultan especialmente interesantes para o tema que nos ocupa os Títulos I e III sobre os dereitos lingüísticos e o uso do galego no ensino, respectivamente. O Título I, art. 1, dispón que o coñecemento do galego forma parte dos *dereitos*, non dos *deberes*, colectivos dos galegos<sup>10</sup>, o que establece unha diferenza fundamental co status do castelán, cuxo coñecemento forma parte dos deberes colectivos dos españois (CE, art. 3). Nunha redacción anterior da LNL establecíase un status simétrico entre as linguas ao prescribir que os galegos tiñan o deber de coñecer o galego e o dereito a usalo, pero a expresión “deber de coñecer” foi eliminada en sentenza do Tribunal Constitucional (STC 84/1986 FJ 2), que sinalou que “tal deber no viene impuesto por la Constitución y no es inherente a la cooficialidad de la lengua gallega” (cf. Punset, 2007: 85). Deste xeito, o TC pronúnciase a favor da preeminencia do castelán sobre o resto das linguas de España, fundamentándose no seu carácter de “idioma común de todos los españoles”. A argumentación do TC sostén que para as demais linguas oficiais das CA non pode instituírse ese mesmo deber, sen que tal diferenza poida considerarse discriminatoria “al no concurrir respecto de las lenguas cooficiales los supuestos pronunciados que dan fundamento a la obligatoriedad de conocer el castellano” (cf. Vernet, 2007: 32). Os “supuestos” referidos é o seu carácter de *idioma común* de todos os españois,

---

<sup>10</sup> “O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo”.

xuridicamente discutido, segundo Vernet, por ser unha expresión non xurídica que non se atopa en ningún texto legal. A lexitimación da asimetría entre as linguas do Estado e os dereitos e deberes dos falantes, baséase no tradicional papel do español como lingua común, sen que o TC tivese en consideración as decisións políticas e as formas de violencia, non só simbólica, que o elevaron a tal posición<sup>11</sup>. En contra do que soe afirmar unha facción da filoloxía hispánica (por exemplo, Lázaro Carreter, 1985[1949]), o castelán non alcanzou o seu status dominante por incorporación amistosa e pacífica, nin polo seu poder de seducción, senón a través de políticas activas do Estado para convertela na lingua vehicular do ensino e na lingua da relación entre os cidadáns e a Administración. Aos Decretos de Nueva Planta de Felipe V (1707-1716) —que someteron os territorios da coroa de Aragón aos foros e á lingua de Castela—, seguiron a resolución de Carlos III (1768) para que en todo o Reino de España se ensinase a lingua castelá e a Ley de Instrucción Pública de Claudio Moyano (1857), vixente durante máis de 100 anos. Esta lei, introduciu a gramática castelá como materia obrigada nos dous ciclos de primaria, e converteu o castelán en lingua do ensino do resto das materias, para o que prescribía a Gramática da RAE ([http://personal.us.es/alporu/historia/ley\\_moyano\\_texto.htm#titulo1](http://personal.us.es/alporu/historia/ley_moyano_texto.htm#titulo1)). A comezos do século XX, estaba expresamente prohibido polo Ministerio de Educación o uso dunha lingua materna diferente do castelán na ensinanza primaria (Siguán, 1994[1992]) e durante o franquismo o uso público das linguas minoritarias só se permitía nas celebracións folklóricas e nos xogos literarios. Actualmente existen máis de duascenas disposicións legais que obrigan ao uso exclusivo ou prioritario do castelán (cf. Boix-Fuster, 2008: 297). A través deste tipo de medidas, chegaron a alcanzarse os supostos nos que o TC avala unha sentenza que adquire tintes de tautoloxía: o fundamento para prescribir o deber de saber o castelán na actualidade é o mesmo que para negárllelo ás demais linguas, isto é, que foi o único distinguido por ese privilexio histórico. Apelar á tradición para sustentar a desigualdade entre falantes dependendo de cal sexa a súa lingua materna sería eticamente cuestionado por discriminatorio noutros campos da actividade humana (étnico, relixioso, sexual,...). Pero, como sostén Bourdieu (1991: 45),

---

<sup>11</sup> Como suxire Foucault (1999[1994]), decisións xudiciais coma esta teñen fundamentos ideolóxicos susceptibles de ser descubertos a través dunha análise xenealóxica dos documentos e discursos que representan o saber instituído e a súa relación co poder, o que deixaría entrever os mecanismos e estratexias discursivas que se agochan detrás da súa pretensión de verdade.



no campo lingüístico, cando se fala da *lingua* estase a falar da lingua oficial da unidade política estatal:

This language is the one which, within the territorial limits of that unit, imposes itself on the whole population as the only legitimate language... The official language is bound up with the state, both in its genesis and its social uses... this state language becomes the theoretical norm against which all linguistic practices are objectively measured.

No Título III, art. 12, 13 e 14, da LNL regúlase o uso do galego no ensino. Para o tema que nos ocupa interesa comentar especialmente algúns puntos do artigo 14, que establece a lingua galega como materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios, e prescribe a obriga das autoridades educativas de garantir que, ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos teñan igual competencia en galego e en castelán. Este artigo enlaza directamente cunha das cuestións que máis controversia xeraron arredor da política lingüística en Galicia durante a lexislatura 2005-2009: as novas medidas lexislativas para equiparar a competencia en galego e castelán dos escolares —Decreto 124/2007 do 28 de xuño, mellor coñecido como Decreto de Bilingüismo (DB). O DB foi o resultado do desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNL), impulsado polo goberno do Partido Popular para promover o uso e coñecemento do galego, e aprobado por unanimidade no Parlamento galego o 21 de setembro do ano 2004. Os seus obxectivos eran conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, dándolle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos, como o educativo. O DB pasou así a substituír ao Decreto 247/1995 do 14 de setembro, tras doce anos de aplicación. Fronte á normativa precedente, estes dous decretos teñen en común o feito de converter o galego, non só en lingua obxecto de ensino, senón en lingua vehicular dunha parte dos contidos curriculares.

#### **4. 1. Os grupos de resistencia contra a LNL**

O progresivo recoñecemento macropolítico dos dereitos históricos das minorías etnolingüísticas impulsado pola ética do multiculturalismo tópase, paradoxalmente, coa resistencia de grupos organizados en defensa do pluralismo liberal dentro das propias comunidades minoritarias, fenómeno non só coñecido en España (Cataluña, Galicia e País Vasco), senón tamén en Gran Bretaña (País de Gales). Por iso é recomendable

complementar a análise macro sobre a situación legal das linguas coa análise micro sobre as relacións intergrupais no seo das súas comunidades, o que obriga a prestar atención á produción discursiva no seu contexto sociocultural e ideolóxico, así como ao *capital simbólico* (Bourdieu, 1997[1994])<sup>12</sup> asociado a cada unha das linguas e ás loitas e reequilibrios de poder que están no transfondo do conflito lingüístico. Cómpre complementar a presentación do ordeamento xurídico das linguas cun achegamento etnográfico (Bloomaert, 2005) para poder entender como se orixina e reproduce o conflito no interior dunha comunidade.

Cooper (1997[1989]: 218) sostén que a planificación lingüística é un exemplo de cambio social que pode provocar unha reacción de resistencia, xerando un conflito no seo das elites. Cremos que iso é o que está a suceder en Galicia, onde a oficialidade do galego trouxo consigo unha reestruturación do capital simbólico asociado ao coñecemento das linguas cooficiais, así como a apertura de novos espazos de poder e control social que provocan conflitos internos á comunidade. Un dos máis notorios é aquel no que contenden as xerarquías sociais tradicionais, historicamente dominantes grazas ao seu control da lingua oficial do Estado, e as novas xerarquías emerxentes a raíz dos procesos de planificación lingüística da lingua minoritaria. É dicir, o que actualmente se debate en Galicia é a lexitimidade do proceso de planificación do galego, dado que supuxo a incorporación no mercado lingüístico local dun novo activo —o galego estándar— controlado polas novas elites que tamén controlan as principais institucións culturais autonómicas. Nesta nova situación, os grupos de resistencia españolistas temen unha devaluación do seu *habitus* lingüístico, en tanto que conxunto de prácticas de clase socialmente dominantes, diferenciadas e prezadas como propiedades valorables e obxectivas das persoas (cf. Bourdieu, 1988[1979]: 170). A alteración do capital simbólico vencellado ás dúas linguas en contacto debeuse a dous tipos de *desprazamento*: vertical e transversal (Bourdieu 1988[1979]: 129). O desprazamento vertical consiste na modificación do volume da especie de capital dominante na estrutura patrimonial, mentres o desprazamento transversal supón a reconversión dunha especie de capital noutra especie diferente mediante transformación

---

<sup>12</sup> O capital simbólico non ten existencia real, senón que se refírese ao *valor* que se lle recoñece socialmente a determinados bens (nobreza, títulos académicos, arte, lingua...): “El capital simbólico es una propiedad cualquiera, fuerza física, valor guerrero, que, percibida por unos agentes sociales dotados de las categorías de percepción y de valoración que permiten percibirla, conocerla y reconocerla, se vuelve simbólicamente eficiente, como una verdadera *fuerza mágica*: una propiedad que, porque responde a unas "expectativas colectivas", socialmente constituidas, a unas creencias, ejerce una especie de acción a distancia, sin contacto físico” (Bourdieu, 1997[1994]: 171-172).

da estrutura patrimonial. No campo lingüístico, houbo un desprazamento vertical das novas elites procedentes das clases populares galegófonas, que engadiron unha nova variedade estándar ao seu haber cultural, pero tamén un desprazamento transversal por reconversión lingüística das antigas elites castellanófonas coa incorporación do galego ao seu patrimonio lingüístico, o que lles garante o mantemento da súa posición social na nova coxuntura sociolingüística. Tanto uns coma outros tiveron que investir en coñecemento da lingua autonómica para poder acceder aos novos espazos de poder social ou simplemente conservar os que xa tiñan. A resistencia contra a planificación do galego está orixinada na tensión entre o coñecemento e o recoñecemento. É unha loita simbólica pola conservación ou subversión do valor enclasante das linguas e a súa función como emblemas de distinción social (Bourdieu, 1988[1979]).

Aínda que moitos destes grupos de resistencia levan activos dende os anos noventa en Cataluña e o País Vasco, en Galicia, a maioría deles constituíronse como plataformas na última lexislatura (2005-2009), pero fixéronse máis visibles a partir do 2007, como consecuencia da aprobación no Parlamento galego do Decreto de Bilingüismo (DB) que aumentaba significativamente a presenza do galego como lingua vehicular nas aulas da Educación primaria e Secundaria. Este tipo de asociacións son moi belixerantes en todas as comunidades autónomas con lingua propia, nas que se presentan cuns obxectivos comúns e idénticas estratexias e posicionamentos discursivos. En Galicia, as máis coñecidas son *Vigueses por la Libertad* (VpL), *Galicia Bilingüe* (GB), *Mesa por la Libertad Lingüística* (MLL), *Tan Gallego como el Gallego* (TGCG), ou *Asociación Gallega por la Libertad del Idioma* (AGLI). TGCG xorde inicialmente como plataforma de recollida de sinaturas contra o Decreto de Bilingüismo e máis tarde creará unha páxina web que expón ao público o seu manifesto de resistencia contra as políticas de normalización lingüística que estes grupos soen referenzar como “regímenes normalizadores” —o primeiro post é do 17 de maio de 2007. Tres meses máis tarde, o 19 de novembro de 2007, declaran como xorden as tres plataformas (TGCG, MLL e GB):

Un grupo de padres y de profesores de enseñanza primaria, secundaria y universitaria nos hemos reunido a causa del "Plan de normalización lingüística" de la Xunta de Galicia. Conscientes del problema de aprendizaje que plantea para niños castellanoparlantes, y seguros de la pérdida de calidad que supone dictar una clase en la que no es tu lengua habitual, hemos escrito un manifiesto para pedir la paralización de este proceso. (...) De esta iniciativa ciudadana han surgido dos asociaciones, Galicia

Bilingüe y Mesa por la libertad lingüística, que se unen a la preexistente AGLI en la denuncia del régimen linguocrático, sin perjuicio de las peculiaridades de cada una respecto a las medidas o soluciones para librarnos de él. (<http://www.tangallegocomoelgallego.es/>)

Isto parece indicar que a existencia de catro asociacións diferentes non se debe á polixénese, nin a unha aparente escisión por disensión interna. Todo apunta a un conxunto de individuos pouco numeroso pero moi activo e ben organizado, que deciden dividirse como grupos de presión independentes para diversificar as súas áreas de actuación e formas de presión, e incrementar o seu impacto social. Todos aparecen, nun momento ou noutro, como xestores das distintas plataformas. Nunha entrevista da cadea televisiva Localia, o 13 do 6 de 2007, os que na actualidade son a presidenta e o vicepresidente de GB foron presentados como presidenta e vicepresidente de TGCG. A mesma presidenta de GB asina como membro de TGCG unha réplica a un artigo de Fernán Vello publicada o 11 de xullo de 2007 en *El Correo Gallego*<sup>13</sup>. Asemade, o primeiro *post* da web de MLL é un artigo de quen, nese momento, era voceira de TGCG, e o segundo (do 1 de setembro de 2009) un artigo da presidenta de VpL<sup>14</sup>.

A pesar da evidente relación entre estas plataformas e da fluctuación dos seus integrantes entre unhas e outras, todas teñen páxina propia na rede, se ben a de TGCG permanece inactiva dende o 19 de novembro de 2007 (data do derradeiro *post* e dos derradeiros comentarios no foro). As iniciativas emprendidas por esta plataforma, nomeadamente a recollida de sinaturas contra o Decreto de Bilingüismo, serán continuadas por GB, constituída como asociación en xullo de 2007 ([http://www.galiciabilingue.es/index.php?option=com\\_content&task=blogcategory&id=26&Itemid=85](http://www.galiciabilingue.es/index.php?option=com_content&task=blogcategory&id=26&Itemid=85)).

---

<sup>13</sup> “Señor Fernán Vello. Pertezco a la iniciativa ciudadana "Tan gallego como el Gallego", la misma que en un reciente artículo publicado en Galicia Hoxe calificaba usted como "esa especie de colectivo". La misma que, sin medios económicos ni infraestructura, ha recogido en tan sólo dos meses 20.000 firmas de apoyo a un manifiesto en el que se protesta por la imposición lingüística que supone el polémico nuevo Decreto” (cito a través de <http://blogs.periodistadigital.com/galhispanos.php/2007/07/11/replica-de-gloria-lago-a-fernan-vello>).

<sup>14</sup>Cf. Vargas, T.: “Educar en la libertad; libertad en la educación”; Losada, C.: “Los portamaletas del nacionalismo”. ([http://libertadlinguistica.com/index.php?option=com\\_content&task=view&id=17&Itemid=42](http://libertadlinguistica.com/index.php?option=com_content&task=view&id=17&Itemid=42)).

Dende o ano 2007, a repercusión mediática destas asociacións foi en progresivo aumento. O seu discurso foi divulgado a través da web e de medios de comunicación locais, autonómicos e estatais, tanto escritos como audiovisuais. Asemade, recibiron o apoio explícito do Partido Popular e de Unión Progreso y Democracia, visible durante a campaña e precampaña electoral ao Parlamento galego de 2009. O propio Presidente da Xunta de Galicia naquel momento, o socialista Emilio Pérez Touriño, lanzoulles unha mensaxe de connivencia cando declarou nun mitin que “non pasaría polo aro da imposición lingüística”, aceptando así a premisa da que parten estas asociacións e cuestionando indirectamente a acción do seu propio goberno en política lingüística, área dependente do PSdG durante o bipartito. Estas plataformas recibiron o apoio explícito dalgúns organismos económicos e empresariais galegos, como o Club Financiero de Vigo, de entidades creadas para difundir o pensamento neoliberal, como a Fundación para el Análisis y los Estudios Sociales (FAES), presidida polo ex presidente do goberno español José María Aznar (PP)<sup>15</sup>, e de diversos medios de comunicación, tanto dixitais como impresos (*El Mundo*, *ABC*, *La Voz de Galicia*<sup>16</sup>), apoios que deitan dúbidas sobre o autofinanciamento e a falla de recursos dos que presumen os voceiros destas plataformas:

Tan gallego como el gallego ha sido un movimiento ciudadano que sin más medios que la palabra y el esfuerzo de unas pocas personas ha removido el rígido pensamiento "políticamente correcto" y ha conseguido romper la apariencia de unanimidad sobre lo que se ha venido denominando “política lingüística” (...) (<http://www.tangallegocomoelgallego.es/>)<sup>17</sup>

---

<sup>15</sup>A FAES publicou na súa revista *Papeles* un opúsculo de Andrés Freire titulado “Las paradojas de la normalización del gallego”, no que ao tempo que desacreditaba o proceso de normalización lingüística do galego, lle daba carta de natureza á hexemonía do castelán presentándoa como o resultado dun proceso exento de coercións históricas e de axentes externos causantes das dinámicas demolingüísticas: “Que no nos engañe el tópico: la historia lingüística de España es una historia muy normal. Sólo se distingue de las del entorno por la precocidad y facilidad con la que la variante castellana se impuso sobre las otras variantes surgidas tras la fragmentación del latín. Este proceso lingüístico, por el cual una de las modalidades orales del territorio se convierte en dominante y común, es un proceso constante en todas las comunidades históricas. Es en ese contexto lingüístico en el que durante los últimos treinta años el galleguismo ha elaborado e impulsado el llamado proceso de “normalización”. Pero el resultado no ha sido precisamente el que esperaban sus promotores” (<http://documentos.fundacionfaes.org/es/documentos/show/00859>).

<sup>16</sup>O día anterior á manifestación de GB en Santiago de Compostela, o diario galego de maior tirada, *La Voz de Galicia*, publicaba en portada unha carta do seu presidente Fernández Latorre na que declaraba: “Protesto porque el idioma que antes fue negado ahora se quiere imponer sin contemplaciones ni concesiones al sentido común. Y la lengua se parece en esto al amor. Si nadie por la fuerza pudo retirarla, nadie por la fuerza podrá tampoco imponerla”. (<http://www.lavozdeg Galicia.es/opinion/2009/02/07/00031234043299215675436.htm>).

<sup>17</sup> A escaseza de recursos tampouco se acae ben coa súa capacidade para dispor dun autobús propagandístico esteticamente modificado para facer publicidade polas diferentes cidades e vilas galegas,

Isto pode explicar a aparente contradición entre os escasos apoios entre a cidadanía —a penas lograron xuntar 3000 persoas nunha moi publicitada manifestación en Santiago de Compostela o 8 de febreiro de 2009— e o seu trunfo como fenómeno mediático, que fixo que o seu discurso sobre a imposición do galego e a falla de liberdade lingüística acabara por reproducirse socialmente como feito incontestable, e que o Partido Popular, promotor do Plan Xeral de Normalización Lingüística, incluíse no seu programa electoral a derogación do polémico decreto.

Todas estas asociacións teñen un obxectivo común: a resistencia contra a LNL de Galicia, para o cal despregaron unha serie de estratexias entre as que destacan: i) a mobilización social, ii) a xudicialización da política lingüística, e iii) a retórica discursiva.

A mobilización social iniciouse coa mencionada campaña de colleita de sinaturas contra o Decreto de Bilingüismo, que entregaron na Consellería de Educación e continúa coa presenza mediática dos seus voceiros, especialmente os de GB, tanto nos medios audiovisuais, como escritos e virtuais. Na súa páxina web inclúen todas as súas reivindicacións, mobilizacións, manifestos, entrevistas, novas xornalísticas, bibliografía contra as LNL, artigos de opinión, etc., e tamén figura o seu lema: “Cada gallego será lo que quiera/Cada galego será o que queira”. Este lema é un chamamento á identidade de elección por oposición á identidade de adscripción, e unha afirmación da preeminencia do individuo sobre o grupo. Con el manifestan a súa resistencia contra a identidade colectiva construída historicamente polo nacionalismo galego e simbolizada polo idioma. Pero a súa negación da identidade colectiva entra en aparente contradición coa selección da imaxinería —un trisquel interposto entre o nome e o seu modificador adxectivo:



---

no que figura o seu eslogan escrito nos dous idiomas (“Cada gallego será lo que quiera” / “Cada galego será o que queira”), nin co anuncio feito un ano despois de que o PPdG gañase as eleccións autonómicas de percorrer Galicia en sete coches con megafonía anunciando as promesas lingüísticas incumpridas que lles fixo o novo presidente electo da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo, ou de repartir 200.000 folletos denunciando o borrador do novo decreto, presentado polo goberno do PP o 30 de decembro de 2009 (<http://www.xornal.com/artigo/2010/02/03/politica/galicia-bilingue-reproducira-promesas-feijoo-decreto-coches-altofalantes/2010020316183200938.html>)

Sendo o trisquel unha das iconas máis senlleiras do nacionalismo galego, que simboliza ás raíces míticas de Galicia nas culturas celtas do Atlántico, resulta paradoxal que lle dean tanta relevancia visual. Isto condúcenos a pensar que é unha estratexia para gañar credibilidade entre un público que adoita acusalos de renegar da súa identidade e de se sentiren acomplezados da cultura galega. O trisquel serve para autoafirmar a súa identidade étnica como “galega” sen que iso deba levarnos a interpretar que acepten que esa identidade poida ser vehiculada a través do idioma. A súa mensaxe subliminal podería parafrasearse como “soy un gallego de pura cepa que quiere hablar en español”. Trátase dun “achegamento distante” (Bourdieu, 1988[1979]), que explica a relación da pequena burguesía españolista cos símbolos culturais das clases populares galegas e as súas tradicións.

Outra das súas estratexias é a deslexitimación legal do coñecemento do galego, coa finalidade de deprezar o seu valor como capital simbólico. Por vía xudicial, interpuxeron numerosos recursos contencioso-administrativos para conseguir derrogar todas as leis e normativas de regulación do uso e coñecemento do galego que consideran conculcan os seus dereitos e liberdades lingüísticas<sup>18</sup>. Todos estes recursos teñen un fío argumental común: a presunta inconstitucionalidade das leis e normativas recorridas e a súa vulneración dos dereitos fundamentais dos falantes de castelán, discriminados por razóns idiomáticas e coaccionados na súa liberdade para expresarse no idioma da súa

---

<sup>18</sup> AGLI recorreu contra o Decreto 247/1995 que regulaba o uso do galego na Administración educativa, así coma contra o proceso selectivo ao corpo administrativo de funcionarios da Xunta de Galicia, que esixía a superación dun exame en lingua galega. A sentenza do 23 de febreiro de 1996 estima parcialmente este recurso e ordea eliminar os apartados do Decreto onde se fixaba que a Administración educativa e centros docentes usarían o galego nas súas relacións internas e externas, obrigando ao goberno do PP engadir a frase "con carácter xeral". Esta mesma asociación interpoñía unha demanda de anulación de dous artigos do Decreto de Bilingüismo por entender que violaba dereitos fundamentais das persoas. Os artigos impugnados foron os que regulan que o galego será, con carácter xeral, a lingua de comunicación nas relacións administrativo-educativas e a que utilizarán os estudantes nas materias impartidas obrigatoriamente en galego. Contra esta demanda fallaba o TSXG (S 01084/2007 do 21 de novembro de 2007) alegando que nin o principio de cooficialidade establecido no Art.3 da CE, nin o dereito de educación (Art. 27 da CE) amparan a existencia dun dereito fundamental á elección de lingua de ensino, e que a regulación establecida non fixa unha lingua “única” vehicular senón unha lingua que debe ser utilizada “con carácter xeral” en cumprimento da lexislación de normalización do uso do galego (cf. Nogueira López, 2008: 349). Contra esta sentenza AGLI interpuxo recurso de casación, que non foi admitido (Auto do TS de 4 de decembro de 2008). O TS tampouco admitiu, por defectuosidade técnica, un recurso de casación dun particular contra a sentenza do TSXG (S 01098/2007) que fallara contra o recurso previamente presentado contra o Decreto 247/1995. Na sentenza do TSXG arguméntase que o citado decreto non lesiona os dereitos fundamentais de liberdade e igualdade, nin vulnera o dereito á educación (cf. <http://prolinguagalega.org/files/2009/11/desestimaci%C3%B3n.pdf>). Alén disto, membros da asociación GB interpuxeron dous recursos contencioso-administrativos contra o Decreto de Bilingüismo. No primeiro deles foi denegada a medida cautelar de paralización de aplicación do Decreto ao entender o Tribunal que non se producen prexuízos irreparables e que os argumentos expostos polo demandante para solicitar a medida implicarían entrar no fondo do asunto, o que non procedía procesualmente (cf. Nogueira López, 2008: 350).

elección. Entre os argumentos esgrimidos, cabe salientarse o da oficialidade do castelán en Galicia e a discriminación que supón o tratamento que fai o EA do galego como lingua propia, que implica tratar o castelán como “impropia”. Tamén consideran discriminatoria para os castelanfalantes e, polo tanto, ilexítima, a esixencia de coñecemento do galego no acceso á función pública galega. Canto ás recomendacións do uso do galego no ámbito escolar que facía o Decreto de 1995, califícanas de “presión identitaria” (cf. recurso de AGLI contra a STSXG: <http://www.scribd.com/doc/2432622/Recurso-de-casacion>) e tachan o DB de atentar contra a liberdade lingüística e contra a igualdade da cidadanía, así como de intentar acantoar o castelán (cf. entrevista ao vicepresidente de GB en *El Mundo*: mércores, 29 de agosto de 2007. [http://www.elmundo.es/papel/2007/08/29/espana/2188172\\_impresora.html](http://www.elmundo.es/papel/2007/08/29/espana/2188172_impresora.html))<sup>19</sup>.

O *leitmotiv* que guía a súa resistencia é o valor supremo da libre decisión do individuo, que está por riba de intereses colectivos. En función del, todas as iniciativas políticas e normativas legais que tratan o galego como un ben colectivo ou como patrimonio inmaterial que require protección, así como as que prescriben o seu coñecemento e uso no ámbito educativo ou administrativo, son calificadas de imposicións xurídicas ou deslexitimadas como estratexias nacionalistas, para, finalmente, ser transformadas no próximo obxectivo da súa resistencia cívica:

Animamos a los amigos de la libertad a que se unan al movimiento cívico renovado por esta iniciativa, colaborando con la asociación que más responda a su visión del problema. Vale la pena, siempre, luchar por la libertad. (<http://www.tangallegocomoelgallego.es/>)

Isto introdúcenos de cheo na súa retórica discursiva, na que chama a atención o uso de estratexias argumentativas e mecanismos referenciais característicos da tradición reivindicativa dos dereitos humanos<sup>20</sup>. Os seus posicionamentos quedan meridianamente claros pola reiteración continuada do tópico da ilexitimidade do proceso de planificación lingüística do galego e, en relación con este, o uso inapropiado do concepto de “normalización lingüística” para referencialo. Este tópico convértese

---

<sup>19</sup> En relación co seu argumentario xurídico, resulta de interese a lectura do recurso de casación de AGLI contra a sentenza do TSXG (01084/2007); <http://www.scribd.com/doc/2432622/Recurso-de-casacion>.

<sup>20</sup> Para demostrar que o DB atenta contra a igualdade e discrimina os alumnos por razóns de lingua AGLI cita como fundamento xurídico da súa argumentación no recurso de casación contra a STSXG (01084/2007) o art. 2.1. da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o art. 10.2. da CE (<http://www.scribd.com/doc/2432622/Recurso-de-casacion>).



permanentemente na premisa coa que pretenden derivar na conclusión de que a planificación funcional do galego conculca os dereitos dos castelánfalantes.

#### 4.1. A planificación como coerción

A retórica discursiva é o principal instrumento destas asociacións para deslexitimar o proceso de planificación do galego iniciado nos anos oitenta. No seu discurso, as medidas de planificación funcional represéntanse como unha inxerencia do poder político (ao que caracterizan como obsesionado con clasificar os falantes en “normais” e “anormais”) na vida das persoas, e como unha coerción á súa liberdade en función de cal sexa a lingua que usen. Dado que unha das funcións do poder político autonómico é o deseño da política lingüística destinada a revitalizar o galego e reverter o cambio lingüístico, estas asociacións representan como vítimas desa política a quen non o usa nin desexa usalo, e autopreséntanse como individuos despoixados dos seus dereitos e liberdades cívicos por parte do Goberno Autonómico:

Tan gallego como el gallego ha sido un movimiento ciudadano que sin más medios que la palabra y el esfuerzo de unas pocas personas ha removido el rígido pensamiento "políticamente correcto" y ha conseguido romper la apariencia de unanimidad sobre lo que se ha venido denominando “política lingüística” y que es en realidad la injerencia del poder público en la libertad de las personas, previa su calificación y clasificación en “normales” y “anormales” en función de sus hábitos o preferencias lingüísticas. (...) Por esto, queremos hacerles llegar esta corriente de preocupación a la vez que la posibilidad de adherirse a nuestra petición, amparada por principios fundamentales de la persona. (<http://www.tangallegocomoelgallego.es/>)

Mediante unha coidadosa selección do léxico, representan as medidas de normalización do galego cunha linguaxe metafórica que evoca os sistemas políticos predemocráticos e a limpeza étnica. Mostra ilustrativa desta linguaxe é o citado recurso de casación de AGLI, no que as políticas autonómicas de promoción das linguas minoritarias en xeral, e do galego en particular, aparecen referenciadas como situacións de excepcionalidade (“régimen normalizador”, “régimen de limpeza lingüística en las aulas o de homogeneidad y unidad”, “campañas de adoctrinamiento conservacionista”, “eslóganes del complejo burocrático-normalizador”, “régimen linguocrático”...) ao servizo do que califican de conservacionismo místico ou relixioso (é dicir, fanático):

Vivimos bajo un régimen linguocrático que parasita y compromete nuestro sistema constitucional. Tal vez el juzgador de instancia no puede eludirlo por entero —y, acaso, en último término, hubiera de fallar contra la libertad y la igualdad en aras de consideraciones místicas incrustadas en un ordenamiento supuestamente aconfesional —pero podía evitar su loa. (AGLI, 2007: 13; <http://www.scribd.com/doc/2432622/Recurso-de-casacion>)

Na cita precedente podemos observar como, por unha banda, se divide maniqueamente o sistema legal en dous subsistemas antagónicos: o positivo formado pola Constitución, que representa a Democracia, e o negativo, formado polas leis de normalización das linguas minoritarias, que representan “linguocracias”. Por outra banda, mentres asocian coa Constitución (e, polo tanto, coa súa propia causa), os valores democráticos, libertarios e igualitarios (é dicir, os dereitos humanos das sociedades avanzadas), vencellan as políticas normalizadoras a valores místico-relixiosos (de natureza irracional). Ao mesmo tempo, as sentenzas contrarias aos intereses destas plataformas —v.gr. a desestimación do recurso de AGLI contra o DB— deslexitímanse como resultado inevitable da presión dos sistemas “linguocráticos” sobre os xuíces. No seu discurso, chama poderosamente a atención que presenten a CE como vítima dese sistema linguocrático, en lugar de como parte fundadora do mesmo, na medida en que a CE inclúe preceptos sobre o uso e coñecemento do español e das demais linguas do Estado que establecen o marco das medidas legislativas que a desenvolven a nivel autonómico. Igualmente rechamante resulta a compatibilidade entre o seu radical rexeito ás LNL, por consideralas ao servizo “de la **homogeneidad y unidad**” lingüística, e a súa encendida defensa da lingua española, á que representan como “lengua oficial del Estado y **común** de los españoles” (cf. recurso citado, p. 1; negriña miña). Se o “común” implica o “homoxéneo”, resulta incoherente rexeitalo nun caso mentres se acepta no outro se non por razóns político-ideolóxicas da mesma natureza cás que afirman repudiar.

Alén do anterior, o sentido que lle dan ao concepto de “normalización lingüística” parte dunha interpretación nesgada sobre os obxectivos reais da normalización. De acordo coa súa interpretación, a “normalización” é un proceso dirixido aos castelanfalantes coa intención de galeguizalos á forza, e fundaméntase na presuposición de que a súa conduta lingüística é anormal. Se ben cómpre recoñecer que esta interpretación é unha das consecuencias indesexables implicadas pola semántica do

termo, vir parar nela só pode facerse ignorando o devir da historia e as dinámicas sociopolíticas e ideolóxicas nas que se viron mergulladas as linguas. De feito, historicamente o termo refírese á xestión de políticas que eliminen os prexuízos cara ao uso das linguas minorizadas como se for algo anormal ou excepcional, non á consideración do uso doutra lingua como unha anomalía social. Dende o punto de vista sociolingüístico, “normalización” é un sinónimo de “planificación funcional” ou “planificación do status da lingua” —conceptos usados pola sociolingüística anglosaxona. “Normalizar” ou “planificar” implican o deseño dun conxunto de estratexias e iniciativas que teñen como obxectivo a difusión social do coñecemento e uso dun idioma nun contexto sociopolítico dado:

Se denomina planificación funcional de la lengua a las actividades deliberadas encaminadas a influir en la distribución de funciones entre las lenguas de una comunidad. (Cooper, 1997 [1989]: 122):

A planificación non é unha práctica reducida ás linguas minoritarias, senón que tamén afecta ás maioritarias. A declaración constitucional do castelán como única lingua oficial do Estado e a prescrición do deber de todos os españois de coñecelo é unha medida de planificación funcional do español. Os poderes públicos teñen a obriga de aplicar políticas lingüísticas dirixidas a tal fin. O intervencionismo lingüístico dos redactores da Constitución obedeceu, sen dúbida, ao temor de que a preeminencia do castelán nas comunidades con linguas propias, en especial nas que manifestaron unha clara conciencia nacional, se vise ameazada. Do mesmo xeito, as iniciativas de difusión do castelán no mundo, emprendidas polo goberno de España a través do Instituto Cervantes, son medidas de planificación funcional do español como lingua internacional en competición co inglés. No caso das linguas *minorizadas*, a “normalización” non se dirixe a “normalizar” condutas lingüísticas predefinidas como “anormais”, senón a xestionar unha situación sociolingüística que ten a súa orixe no desequilibrio histórico entre o *status* da lingua dominante do Estado e o *status* da lingua da rexión, e que está vinculado a desequilibrios sociais de máis profundo calado e a prácticas coactivas exercidas polos poderes públicos. Porén, o discurso destas asociacións, ou ben escamotea os procesos históricos que provocaron eses desequilibrios, ou ben reduce a historia a unha sucesión de sincronías:

Iso de "lingua propia" é un concepto histórico-xeográfico. Non se pode negar que aquí se fala castelán desde hai séculos, e que o galego teña orixe neste territorio non lle outorga un plus sobre unha lingua que é legalmente cooficial. O galego e o castelán son linguas oficiais as dúas, iso implica unha igualdade de dereitos. (Entrevista a Gloria Lago, 9-11-2007: <http://www.vieiros.com/nova/62072/as-linguas-non-sofren-as-persoas-si>)

En España, este fenómeno de expansión de una koiné empezó pronto. Sin duda, la naturaleza de la reconquista fue clave al respecto. Gentes de diversos territorios, que entremezclaban dialectos romances y vascones, conviven en terrenos escasamente poblados y hallan pronto esa revolucionaria koiné que pasará a llamarse castellano. Desde Alfonso X, la variante castellana se convirtió en la lengua romance de prestigio en el Occidente peninsular. (Freire, 2009: 1)

Mentres a presidenta de GB pon o acento na situación presente, relegando a un segundo plano o proceso histórico que derivou no desequilibrio social actual entre o galego e o español, Andrés Freire despeixa nun breve párrafo a incógnita que explica a expansión deste último, á que presenta como algo inevitable, unha caste de inercia histórica imparabile que se remonta a Afonso X. Ao tempo que a preponderancia do castelán se representa como algo independente das decisións políticas, a normalización lingüística do galego descalifícase como proceso de intervención política, o que nos leva a un dos recursos usado incesantemente nestes posicionamentos discursivos: a oposición natural / artificial, que no caso que nos ocupa é homóloga da oposición español / galego. Esta polarización ten dúas implicacións. A primeira é que a preeminencia do español queda excluída do debate, dado que as leis da Natureza non se discuten senón que se aceptan. A segunda, derivada da anterior, é que pretender que o galego iguale ao español só pode atinxirse cun artificioso intervencionismo político. Así quedan asentadas as respectivas posicións das linguas e blindada ideoloxicamente a supremacía do español sobre o resto das linguas do Estado.

Outro recurso retórico-discursivo destas asociacións é a evocación da linguaxe reivindicativa dos dereitos cívicos, co obxectivo de deslexitimar a normalización do galego é representala en termos de imposición e de atentado contra ás liberdades. Dende que se aprobou a LNL no 1983, a lingua galega pasou a integrar o conxunto de coñecementos inculcados coercitivamente pola Administración pública a través do sistema escolar. Ata ese momento, a única lingua que formaba parte deses

coñecementos era o castelán e algunha lingua estranxeira, inglés ou francés, estudadas como L2. O Decreto de 1995 reforzaba a presenza escolar do galego aumentándoa ata un mínimo de un terzo das materias, e o DB incrementouna ata un mínimo do 50% das materias. Estas asociacións reaccionan contra o incremento ou a mera presenza do galego como materia curricular obrigatoria na educación primaria e secundaria, ata o punto de que MLL emprendeu unha campaña para eliminalo dos contidos obrigatorios nas probas de acceso á universidade, presentándoo como un agravio comparativo con respecto ás comunidades monolingües (onde os preuniversitarios só teñen que se examinar do idioma oficial español). Resulta revelador que, namentres rexeitan, por impositivo, o coñecemento do galego na Comunidade Autónoma, silencien e acaten o intervencionismo do poder político no resto das áreas do saber humano e, nomeadamente, na área da lingua española (cuxo coñecemento se impón por mandato constitucional). Levar ás súas últimas consecuencias a coherencia da polarización liberdade/coerción no campo do saber implicaría a deslexitimación de todo o sistema educativo, empezando pola escolarización obrigatoria, un dereito que só se fai efectivo mediante a imposición<sup>21</sup>. Pero as asociacións das que estamos a falar non cuestionan o sistema senón o papel do galego no sistema, o que demostra que toda a súa acción cívica está motivada por principios ideolóxicos, e non filosóficos ou cívicos. Como ditaminou Bourdieu, a hexemonía social nas sociedades democráticas fundaméntase máis no consentimento que na coerción. Os membros das distintas clases diferéncianse menos polo grao en que *recoñecen* a cultura que polo grao en que a *coñecen*: “son excepcionales las declaraciones de indiferencia y más excepcionales son aún las repulsas hostiles” (Bourdieu, 1988[1979]: 321). A acción destes grupos contra o coñecemento do galego por vía escolar evidencia a súa resistencia a recoñecelo como valor cultural, e a clave que pode axudar a entender máis acadamente esta resistencia súa reside no concepto de *capital simbólico* de Bourdieu (1997[1994], cf. nota 12) e na súa (re)distribución social desde a aprobación da LNL, así como na repercusión que distintas iniciativas legais (entre as que se atopa o DB) tiveron no incremento do capital simbólico do galego (cf. nota 9).

---

<sup>21</sup> Como dixo Gellner (2001[1983]: 46): “El ideal de la alfabetización universal y el derecho a la educación forman parte notoria del panteón de valores modernos. Estadistas y políticos hablan de ello con respeto y se pone buen cuidado en hacerlo figurar en declaraciones de derechos, constituciones, programas políticos, etcétera. Hasta aquí no hay nada extraño. Lo mismo ocurre con el gobierno responsable y representativo, las elecciones libres, la independencia del poder judicial, las libertades de expresión y reunión, etcétera. Muchos de estos admirables valores, o la mayor parte, a menudo se ignoran de forma sistemática en muchas regiones del globo sin que nadie se haga cruces por ello”.

#### 4.2. A resistencia contra o DB

O DB desenvolve o Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL) impulsado polo goberno do Partido Popular e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004. Entre as escasas diferenzas que presenta co Decreto precedente de 1995 hai unha significativa: o incremento da porcentaxe mínima de materias que se debían impartir en galego pasa do 33% de 1995 ao 50% de 2007, todas elas materias que se apoian en libros de texto. O incremento da cota mínima baseouse nos datos presentados polo PXNL sobre a competencia en galego dos nenos de 4 a 9 anos: un 15% tiña unha nula competencia oral, un 49% en lectura e un 55% en escritura (cf. PXNL: 16), porcentaxes que se incrementaban nos núcleos urbanos. O DB promulgouse para mellorar estas capacidades:

O Decreto 247/1995, do 14 de setembro (...) reconece que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo. Este feito ten que se ver agora completado coa derogación do citado decreto e a elaboración dunha nova normativa orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas.

O principio rector do DB foi tratar de incrementar a competencia lingüística en galego aumentando a súa utilidade no ámbito escolar, de aí que faga mención explícita ao enfoque comunicativo —hoxendía dominante no ensino/aprendizaxe de segundas linguas. Un dos presupostos do enfoque comunicativo é que a forma máis eficaz de aprender unha L2 é reforzando a súa dimensión comunicativa, especialmente en contextos onde o contacto con ela é moi escaso. Esta foi a razón de que o galego pasase de lingua obxecto de ensino a lingua instrumento de ensino no 50% (ou máis) das materias. Ao reforzar o seu papel de lingua vehicular, o galego pasaba de ser un mero obxecto de coñecemento a ser un instrumento para adquirir coñecemento. O reforzo da súa dimensión comunicativa levaba aparellada a creación da conciencia da súa utilidade social e a utilidade social aumentaba o capital simbólico asociado ao seu dominio, mellorando a ratio custo/beneficio derivada da súa aprendizaxe.

A oposición de Galicia Bilingüe contra o DB foi radical. Non se dirixiu á negociar a porcentaxe de materias impartidas en galego/castelán ou os contidos das mesmas, senón á súa abolición. A súa meta é conseguir unha normativa que manteña o galego como materia de estudo e deixe a lingua vehicular do resto das asignaturas á libre disposición dos pais. Alén dos prexuízos que suporía para a adquisición de competencia en galego entre os escolares do medio urbano que a penas teñen contacto el, satisfacer os desexos de GB implicaría un triple modelo educativo (bilingüe, en galego, e en castelán), no que os nenos se separarían, ben por colexio (absolutamente prohibido pola LNL), ben por aulas (sólo permitido en casos excepcionais). Tralas súas reivindicacións atópase o seu dereito a renunciar ao conxunto de recursos lingüísticos que lle aporta o galego á competencia comunicativa global do falante<sup>22</sup>. Un dos argumentos cos que tentan xustificar obxectivamente a súa posición, é o do bilingüismo como *déficit*<sup>23</sup>. Entre as razóns esgrimidas destacan dúas: a) o fracaso educativo do modelo catalán no que se practica a inmersión lingüística e b) os prexuízos de que nenos castelánfalantes teñan que aprender terminoloxía matemática e coñecemento do medio en galego:

Sólo hay que mirar los resultados de Cataluña. El fracaso escolar de los alumnos castellano-hablantes es nueve puntos superior y tanto en ellos como en los de catalán el nivel de castellano es paupérrimo y el registro culto está por el suelo. (<http://www.vieiros.com/nova/62072/as-linguas-non-sofren-as-persoas-si>)

Esta mesma liña argumentativa segue o recurso de casación presentado por AGLI no Tribunal Supremo, anteriormente citado. A procuradora que o redacta laiase

---

<sup>22</sup> Segundo o Marco Europeo Común de Referencia para o ensino de linguas, existe unha competencia comunicativa global, composta por todos os recursos que ten o falante plurilingüe de todas as linguas que controla en maior ou menor nivel. Por iso, cantas máis linguas saibamos, máis linguas poderemos aprender: “La competencia plurilingüe y pluricultural también fomenta el desarrollo de la consciencia sobre la lengua y la comunicación, e incluso de las estrategias metacognitivas, que permiten que el ser social sea más consciente de su propia espontaneidad a la hora de abordar las tareas, y en concreto, de la dimensión lingüística de estas, llegando a controlarlas” (MER, 2002: 131)

<sup>23</sup> Inquerida en varios medios a súa opinión sobre o ensino bilingüe, as súas respostas foron “eso es imposible” (cf. La Voz de Galicia, 6-2-2009), “la enseñanza bilingüe es muy complicada”, “la igual competencia de las dos lenguas es absolutamente imposible”, “esa es una idea que sale de la gente que no está en contacto directo con las escuelas”, etc. (<http://www.vieiros.com/nova/62072/as-linguas-non-sofren-as-persoas-si>). De todas cabe concluir que a asociación Galicia Bilingüe cre no bilingüismo social, entendido como un territorio onde conviven dúas comunidades monolingües, pero non no bilingüismo individual, entendido como o conxunto de destrezas comunicativas que un falante ten en dúas linguas diferentes (non como a suma de dous falantes monolingües).

de que os representantes do poder xudicial loen o que eles chaman “sistema linguocrático”, e prosegue:

En particular, preceptos imposibles como ese que garantiza la ‘igualdad en competencia lingüística en los dos idiomas oficiales’ como si el poder poder pudiera procurar el conocimiento igual de dos cosas distintas. Se trata de normas propaganda con una función exclusivamente política (...) (AGLI, 2007: 13; <http://www.scribd.com/doc/2432622/Recurso-de-casacion>)

Con respecto ao primeiro texto, non puidemos contrastar a veracidade da afirmación sobre os resultados educativos cataláns porque a entrevistada non ofrece as súas fontes. Pero o caso é que as políticas de “inmersión lingüística”, producen fondo receo nestes grupos, pese á existencia de estudos que demostran o seu éxito na consecución dunha competencia bilingüe. Nunha investigación realizada a nenos franco-americanos de Nova Inglaterra, Lambert (1981) demostrou que é posible evitar formas sustractivas de bilingüismo e biculturalismo e transformalas en aditivas. Outros estudos contrastaron as respostas cognitivas de nenos monolingües en inglés ou hebreo con nenos bilingües e demostraron que os nenos bilingües teñen un procesamento máis avanzado do material verbal, e son máis discriminativos nas súas distincións perceptivas e máis propensos a reorganizar as súas percepcións como resposta ao feedback (cf. Ben-Zeev, 1981).

Con relación ao segundo texto, facemos novamente fincapé nas constradicións en que incorre o seu argumentario. Neste caso, co ánimo de desacreditar a competencia do falante bilingüe que persegue a LNL, a procuradora de AGLI utiliza dúas estratexias discursivas: unha léxico-semántica e outra pragmático-gramatical. A primeira consiste en descalificar o artigo 14.3 da LNL, que prescribe o deber das autoridades educativas autonómicas de garantir que, ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos o coñezan, oralmente e por escrito, en igualdade có castelán. O contido deste artigo —é dicir, a obriga administrativa de establecer a competencia bilingüe entre o alumnado— é enviado ao campo semántico dos “preceptos imposibles”. A segunda estratexia consiste no uso do modo irreal (“**como si** el poder **pudiera** procurar”) para derivar unha implicatura pragmática que reforza o sentido da palabra “imposible”: “el poder no puede procurar el conocimiento igual de dos cosas distintas” ou o que é o mesmo, “el poder no puede procurar la competencia bilingüe”. O final da cita é o obxectivo que albiscan no establecemento de “preceptos legais



imposibles”: a propaganda política. Mediante a introdución da competencia bilingüe no campo dos imposibles, naturalízase o saber monolingüe e despóxase de responsabilidade cognitiva (ou volitiva) o aprendiz de linguas, que non aprende non porque non queira, senón porque non pode, á vez que se desacredita a competencia do falante bilingüe, limitándoa ao coñecemento da súa lingua materna<sup>24</sup>. Pero a insistencia na diferenza para argumentar a incapacidade de aprender de modo semellante dúas linguas, contradi o dito noutras partes do citado recurso, no que a semellanza estrutural entre o castelán e o galego se utiliza para presentar o DB como innecesario:

Estimamos que el Decreto impugnado parte de un problema inexistente en la comunidad educativa gallega. Así, las variedades lingüísticas oficiales en Galicia están tan próximas entre si que su simultaneidad en la aulas durante 25 años de régimen normalizador (...) no sólo ha sido posible, sino que ha sido regla general, y ni siquiera ha producido problemas apreciables en los resultados del sistema educativo. AGLI, 2007: 3; <http://www.scribd.com/doc/2432622/Recurso-de-casacion>)

As declaracións realizadas por estas asociacións contra da educación bilingüe conteñen outros argumentos probablemente máis estreitamente relacionados co seu posicionamento neste tema:

La enseñanza bilingüe es muy complicada. Sobre todo por una razón: no puede aplicársele la enseñanza bilingüe a alguien que no la quiere. Además, se aprenden matemáticas o conocimiento del medio en gallego, eso los priva de acceder al vocabulario relacionado en su idioma. Y este decreto le deja al gallego las materias troncales y reserva para el castellano las *marías*. Pero esta es ya una cuestión más que de pedagogía, de libertad. El niño acaba sintiendo que se desprestigia su lengua. Si llega a la escuela y en lo que le hablan es en un idioma distinto, acaba teniendo la sensación de que “quizás mi lengua no debe ser la mejor”, y eso no puede ser. (<http://www.vieiros.com/nova/62072/as-linguas-non-sofren-as-persoas-si>)

Nestas observacións residen algunhas das claves da súa resistencia, vencelladas co seu temor á descapitalización simbólica dos castelánfalantes: “no puede aplicársele la enseñanza bilingüe a alguien que no la quiere”, “se aprenden matemáticas o conocimiento del medio en gallego”, “este decreto le deja al gallego las materias troncales y reserva para el

---

<sup>24</sup> Esta redución competencial vai en claro prexuízo dos bilingües que teñen o galego como lingua materna e o castelán como L2, dado que non só se desacredita a súa competencia na lingua hexemónica, senón que se afirma a súa imposibilidade de adquirila.

castellano las marías”, “el niño acaba sintiendo que se desprestigia su lengua”, “acaba teniendo la sensación de que ‘quizás mi lengua no debe ser la mejor’, y eso no puede ser”. Un dos seus grandes temores é que o proceso de normalización lingüística provoque un reequilibrio do valor das linguas no mercado local en forma de incremento do capital simbólico asociado ao coñecemento e uso do galego, e que isto vaia en detrimento do capital simbólico derivado do uso e dominio do castelán. É dicir, que a normalización lingüística implique a perda de parte do seu prestixio e da súa posición hexemónica na comunidade en favor dun idioma que hai menos de 40 anos era unha lingua de campesiños. Como sostén Bourdieu (1988[1979]), os poderes e privilexios das diferentes fraccións de clase están vencellados ao seu monopolio dalgunha especie de capital (económico, cultural e social). A superficie do seu discurso libertario pretende ocultar unhas ideoloxías lingüísticas supremacistas<sup>25</sup>. Por moito que a súa semántica discursiva se dirixa ao campo dos dereitos e liberdades cívicos, unha análise pragmática amósanos que a súa resistencia ten unha dimensión conservacionista, pero non igualitaria: é a resistencia de quen desexa preservar os privilexios adquiridos polo control absoluto da lingua dominante. Dende este punto de vista, achégase máis a unha resistencia aristocrática ca unha resistencia ética. Como apoio desta hipótese reproducimos unhas declaracións realizadas por unha das voceiras e cofundadoras de TGCG para o diario *El Correo Gallego* o 15 de agosto de 2007, e expostas na web da asociación:

“Nos ha llamado muchísima gente: empresarios, comerciantes, enfermeros, farmacéuticos... que consideran, al igual que nosotros, que la imposición del gallego se está extendiendo demasiado”. Afirmó que "son muchas las llamadas recibidas, las peticiones de que se hable de un tema considerado hasta hoy un tabú". Lo que esta plataforma pide es "algo tan simple como que se respeten los derechos lingüísticos de los hablantes, pero siempre con un límite: que el interlocutor te entienda".

A este respecto, la portavoz añadió que "cuando alguien de fuera llega a un pueblo, los paisanos hacen lo posible por hacerse entender, porque eso forma parte de la educación básica de las personas. Se nota que hablan gallego porque es su lengua materna, no por una razón política", matizó. ([http://www.tangallegocomoelgallego.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=53&Itemid=2](http://www.tangallegocomoelgallego.es/index.php?option=com_content&task=view&id=53&Itemid=2))

---

<sup>25</sup> Para unha análise profunda deste tipo de ideoloxías, vid. Moreno Cabrera (2008).

Nesta cita, aparecen reflectidas con meridiana claridade as representacións cognitivas da voceira de TGCG sobre a realidade sociolingüística galega. En primeiro lugar, reedita a división do universo sociolingüístico galego previo á transición democrática, que reproducía, no campo lingüístico, a fragmentación social de Galicia: “castelán = falantes urbanos, profesionais cualificados, nivel educativo alto” Vs. “galego = falantes rurais, campesiños, semialfabetizados”. Para expresar os axentes dos apoios que recibe TGCG, utilízase un sustantivo con referente opaco seguido dunha proposición de especificación desambiguadora na que, entre os posibles atributos sociais da xente, se selecciona unicamente a profesión, claramente vencellada ao status social. Nesta enumeración, todos os profesionais referenciados teñen status medio ou medio-alto (“empresarios, comerciantes, enfermeros, farmacéuticos...”), sen que se mencione un só empregado non cualificado. Todos aparecen como suxeitos dunha mesma predicación (“consideran que la imposición ha ido demasiado lejos”), de modo que estes profesionais e TGCG aparecen unidos por unha única voz: a voz da clase media urbana falante de castelán. Os cuantificadores (“muchísima”, “muchos”) serven para aumentar indefinidamente a extensión do referente sen necesidade de precisar a cantidade numérica, lexitimando así a pluralidade democrática das súas reivindicacións. En segundo lugar, resulta ideoloxicamente revelador que a voceira de TGCG lle poña límites aos dereitos lingüísticos reivindicados (“que el interlocutor te entienda”), sobre todo pola explicación que, a modo de exemplo, ofrece para argumentar tal necesidade. A selección do exemplario é unha mostra elocuente dos prexuízos sociolingüísticos e as relacións implícitas de poder sobre os que se asentan as súas consignas éticas: “cuando alguien de fuera llega a un pueblo, los paisanos hacen lo posible por hacerse entender”. Nestas dúas proposicións reaparece a dicotomía galego = mundo rural tradicional / castelán = mundo urbano moderno comentada máis arriba, dous mundos afastados polas dificultades de intercomprensión. Pero, se ben en calquera intercambio comunicativo bilingüe, a responsabilidade da intercomprensión depende por igual dos dous interlocutores, a voceira de TGCG atribúella exclusivamente a unha das partes: os paisanos (“los paisanos hacen lo posible por hacerse entender”). A velada metáfora do galego como “jergonza incomprensible”, sérvelle á voceira de TGCG para facer recaer a responsabilidade da intercomprensión nun encontro bilingüe sobre quen fala galego, ao tempo que reproduce discursivamente as tradicionais relacións de dominación social interclasista, indexicalizadas a través das linguas e simbolizadas polo paisano rural galegofalante que converxe lingüísticamente (non sen esforzo) cara ao señorito urbano

castelanfalante como mostra de boa educación. Como colofón, cómpre comentar que a súa identificación dos campesiños (“paisanos”) como os lexítimos representantes do uso espontáneo e non politizado da lingua galega, presupón a existencia dun uso politizado que nos imaxinamos representado por todo aquel que non sexa campesiño nin viva no rural, unha forma implícita de deslexitimación da incorporación do galego aos novos espazos de poder social xa mencionados, e da súa perpetuación icónica como índice de incultura e ruralismo. Na táboa 2, figuran os campos ideativos vencellados e cada lingua no discurso citado:

<b>Castelán</b>	<b>Galego</b>	
Clases medias	Campesiñado	Clases medias
Urbano	Rural	Urbano
Apolítico	Apolítico	Politizado
Poder	Sumisión	—
Liberdade	—	Imposición

Os resultados educativos dos programas de bilingüismo ou de inmersión lingüística forman parte do argumentario politicamente correcto, pero tras del agóchase o desexo de salvagardar certos emblemas lingüísticos de distinción social e a súa disposición a desafiar calquer normativa legal que lles esixa aprender a lingua dos “paisanos” para poder conservar a súa hexemonía social —de aí os seus recursos a toda lei ou decreto que prescriba demostrar coñecemento de galego para acceder a determinados postos de traballo relacionados coa función pública. Autofixáronse a súa meta competencial en galego nun bilingüismo pasivo que “asegure a intercomprensión”, o cal non precisa de grandes esforzos de aprendizaxe, dada a proximidade estrutural co castelán. Deste xeito, apostan por limitar a competencia en galego dos seus fillos, propiciando a formación de dúas comunidades monolingües, ao tempo que adoptan a etiqueta de *bilingüismo* para o territorio —Galicia Bilingüe: “dos linguas los mismos derechos”. Nunha entrevista a Localia (13 do 6 do 2007), o vicepresidente de GB expresaba así os límites do bilingüismo:

(...) yo he dicho que tiene conocimientos suficientes para comunicarse con los gallego-hablantes, no que tiene un dominio de la lengua gallega, es que a lo mejor a esa persona le interesa tener un dominio muy fuerte de la lengua castellana, unos conocimientos de gallego para comunicarse sin llegar a a lo mejor ni tan siquiera a hablar gallego y a lo mejor le interesa dedicar más tiempo a otra lengua que que le da a lo mejor mayor potencial de comunicación..., pues a lo mejor muchos padres prefieren que en vez de dedicar a tener una competencia tan buena en gallego prefieren que

tenga en gallego la competencia de la intercomunicación y que tenga una buena competencia en inglés y en alemán (<http://www.youtube.com/watch?v=QC6dZ642qx4>)

Segundo Bourdieu (1988[1979]), a competencia específica en calquera campo depende do grao en que os diferentes mercados favorecen a súa adquisición coa promesa e seguridade duns beneficios futuros, que son, á súa vez, a incitación para a inversión de coñecemento neses campos. Co actual marco legal, limitar a competencia en galego dos nenos a unha competencia pasiva implica abocalos ao fracaso escolar (a LNL prescribe que todos os nenos ao finalizar a escolarización obrigatoria deben ter idéntica competencia en galego e castelán), e exclúílos de determinadas opcións profesionais (como a carreira funcional na Administración Autonómica). Dado que a competencia nun determinado campo é tanto máis imperativa e a incompetencia tanto máis penalizada canto maior é o seu grao de lexitimidade (cf. Bourdieu, 1988[1979]), o interese principal destas plataformas é a desregulación legal da situación do galego: o seu verdadeiro obxectivo non é tanto a derogación do DB como do marco normativo que lles impide conxugar a súa renuncia a aprender galego co seu desexo de hexemonía social. Transformar a ignorancia en emblema de distinción só é posible liquidando o valor do coñecemento. O seu slogan “dos linguas, mismos derechos”, apela á igualdade de dereitos lingüísticos dos cidadáns, pero esquece a desigualdade de deberes establecida na CE —só o castelán é lingua de obrigado coñecemento constitucional. Eliminando a LNL crearíase unha situación de desigualdade entre os deberes lingüísticos dos galegos, na medida en que os que tivesen como L1 o galego estarían obrigados a aprender unha segunda lingua, pero non os que tivesen como L1 o castelán. A súa abolición sería o paso necesario para continuar exercendo o control da lingua hexemónica sen que sufrise menoscabo o seu capital simbólico.

### **Conclusión**

Unha consecuencia sociolingüística da descentralización do Estado español e da construción europea foi a moderación do discurso do pluralismo liberal en favor do multiculturalismo. En España, algunhas das linguas historicamente minorizadas comezaron a ser protexidas a partires da transición democrática, así como recoñecidos os dereitos dos seus falantes a usalas en todos os ámbitos dentro dos seus territorios. Pero ao tempo que se aproban leis proteccionistas para eses territorios, xorden grupos de resistencia que denuncian as políticas de normalización como unha imposición

antidemocrática. En Galicia o discurso destas asociacións xira arredor de tres eixes: (i) o rexeito da LNL, á que acusan de intervencionista; (ii) o monolingüismo individual como un dereito nas comunidades bilingües —restrinxido, na práctica, aos falantes de español debido ao mandato constitucional de coñecer esta lingua; (iii) o dereito dos pais a escoller o idioma de escolarización dos seus fillos.

Este discurso ten dous niveis de lectura: o que expresa e o que silencia. Expresamente, repudian o intervencionismo político da CA, ao que representan como un problema de orde moral, e reivindicán o libre mercado lingüístico. Silandeiramente, optan por ignorar o intervencionismo legal do Estado en favor do idioma maioritario. A súa desigual valoración ética de principios legais semellantes permítelles utilizar a semántica da coerción restrinxida ao ámbito da lingua minoritaria, sempre dende unha perspectiva ahistórica e localista que ignora deliberadamente os procesos coercitivos que colocaron a lingua hexemónica na posición que ocupa. A obliteración da historia é outra estratexia de silenciamento para poder presentar o desigual status das linguas como natural, pois, como di Gellner, (2001[1983]) “lo que se inscribe en la naturaleza de las cosas es eterno y no tiene por qué resultar ofensivo”. O seu discurso fai isomórficas as dicotomías *clase media urbana = español = natural = liberdade Vs. campesinado rural = galego = artificial = coerción*; isomorfismo co que pretenden deslexitimar as políticas de planificación da lingua minorizada e darlle carta de natureza ás divisións sociolingüísticas que reproducen as tradicionais desigualdades de poder social.

A elección do monolingüismo en castelán (complementado cunha precaria competencia en galego) demostra a vontade de distinción social dos membros destas asociacións (Bourdieu 1988[1979]), nun momento en que a penas quedan restos da sociedade tradicional galega na que as divisións lingüísticas indexicalizaban diacriticamente ríxidas divisións sociais. A vulgarización da lingua hexemónica —que se desprazaba en dirección vertical descendente canto máis se estendía horizontalmente como símbolo cultural do estado-nación— foi unha consecuencia previsible das políticas lingüísticas do pluralismo liberal no Estado español. Coa chegada da democracia, a filosofía multicultural do novo marco legal desprazou o valor indexical do galego en dirección vertical-ascendente, como lingua litúrxica (e ás veces doméstica) das novas elites, o que provocou un desclasamento lingüístico que levou á perda da función indexical da antiga oposición galego / castelán, ao tempo que se habilitaron novos marcadores translingüísticos de status —entre eles, a castelanización do galego e

a galeguización do castelán (Regueira, 2000; González González et alia, 2003; Recalde, 2007). Neste novo contexto, a renuncia ao galego expresa unha dobre vontade de distinción. Por unha banda, a distinción vertical con respecto dos grupos tradicionais monolingües en galego (campesiñado rural) e bilingües “agalegados” (clase traballadora urbana ou semiurbana). Pola outra, a distinción horizontal con respecto ás novas elites nacionalistas ou filogaleguistas —caracterizadas por un galego “acastellanado”. Se, como asegura Bourdieu (1988[1979]), a antigüidade na clase é o principio das xerarquías no seo da clase, a ignorancia do galego pode actuar como barreira semi-aristocrática entre os castelanfalantes “de berce” e os advenedizos de primeira ou segunda xeración, entre os que ostentan o capital lingüístico herdado familiarmente fronte aos que recén o adquiriron na escola; pero tamén lles serve para manter distancias ideolóxicas co seu grupo de renegados, antigos monolingües galeguizados por convicción ou por convención. Con todo, o valor de distinción do monolingüismo en castelán corre o risco de depreciación se os monolingües de hoxe acaban devindo nos leigos de antano, socialmente desprazados polos bilingües que incorporan o dominio de ambas linguas como marca de excelencia. Co obxectivo de evitar este risco, faise necesaria a lexitimación legal do monolingüismo unidireccional. A reivindicación da intervención dos pais na elección da lingua vehicular da docencia é unha pretensión de autorreproducción lingüística grupal dentro do sistema centralizado de aprendizaxe —o único susceptible de proporcionar coñecemento xeral autenticado, igualitario e imparcial. En palabras de Gellner (2001[1983]: 52), para poder gozar dunha cidadanía *honorable, plena e efectiva* nas sociedades modernas é preciso someterse a unha elevada alfabetización nunha lingua estandarizada. Na actual coxuntura sociolingüística, a liberdade de decisión dos pais levaría, moi probablemente, á exclusión do galego dos modos estandarizados de transmisión educativa. Extraeríao da cultura escolar para incluílo na cultura libre. Sacaríao fóra do circuíto de recoñecementos académicos, para metelo no dos coñecementos oficiosos e devaluados transmitidos no seo das familias populares. Así se volvería ao *statu quo* preestatutario que permitiría recuperar o papel da escola na (re)producción lingüística da desigualdade social. Como dixo Gellner, os límites da cultura na que se educan as persoas son tamén os límites do mundo no que moral e profesionalmente saben vivir: “La mejor inversión de un hombre es con diferencia su educación, y ésta es la que realmente le provee de identidad.” (Gellner, 2001[1983]: 54).

### Referencias bibliográficas

- Anderson, B. (1983): *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Ben-Zeev, S. (1981): “Influencia del bilingüismo en la estrategia cognitiva y el desarrollo cognitivo”, *Estudios de psicología* 8, 98-114.
- Boix-Fuster, E. (2008): “25 años de la Constitución Española. Las ideologías lingüísticas en la configuración del Estado Español”, en K. Süselbeck, U. Mühlshlege e P. Masson (eds.), *Lengua, nación e identidad : la regulación del plurilingüismo en España y América Latina*. Madrid/Frankfurt: Vervuert, 271-301.
- Blommaert, J. (2005): “Situating Language Rights: English and Swahili in Tanzania revisited”, *Journal of Sociolinguistics* 9/3, 390-417.
- Bouchard Ryan, E. (1979): “Why do Low-prestige Language Varieties Persist?”, en H. Giles e R. StClair (Eds.), *Language and Social Psychology*. Baltimore: University Park Press, 145-157.
- Bourdieu, P. e L. Boltanski (1975): “Le fétichisme de la langue”, *Actes de la recherche en sciences sociales*, 4, 2-32.
- Bourdieu, P. (1997[1994]): *Razones prácticas. Sobre la teoría de la acción*. Barcelona: Anagrama.
- Bourdieu, P. (1988[1979]): *La distinción: criterios y bases sociales del gusto*. Madrid: Taurus.
- Bourdieu, P. (1991): *Language and Symbolic Power*. Cambridge: Polity Press.
- Comisión Europea (1996): *Euromosaic: producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia : Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Cooper, R. L. (1997[1989]): *La planificación lingüística y el cambio social*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Coulmas, F. (1998): “Language rights: Interests of states, language groups and the individual”, *Language Sciences* 20: 63-72.
- Foucault, M. (1999[1994]): *Estrategias de poder*. Barcelona: Paidós.
- Gellner, E. (2001[1983]): *Naciones y nacionalismo*. Madrid: Alianza Universidad.
- Hobsbawn, E. (1991): *Naciones y nacionalismo desde 1780*. Barcelona: Crítica.
- González González, M., Rodríguez Neira, M. et alia (2003): *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: RAG.
- Kuipers, J-E (1995): “Apresentación da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias”, *I Simpósio Internacional de línguas europeas e lexislacións*, Santiago de Compostela, Asociación Socio-Pedagoxica Galega : Bureau Européen pour les Langues Moins Répandues, 117-132
- Lambert, W. (1981): “Algunas consecuencias cognitivas y socioculturales del ser bilingüe”, *Estudios de psicología* 8, 2-97.
- Langenbacher-Liebgott, J. (2002): “La promotion du plurilinguisme et des langues modiques”, *Sociolinguística* 16, 40-48.
- Lázaro Carreter, F. (1985[1949]): *Las Ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*, Barcelona: Crítica.
- López Morales, H. (1998): *La aventura del español en América*, Madrid: Espasa.
- May, S. (2002): “Developing greater ethnolinguistic democracy in Europe: minority language policies, nation-states, and the question of tolerability”, *Sociolinguística* 16, 1-13.
- May, S. (2005): “Linguistic Rights: Moving the debate forward”, *Journal of Sociolinguistics* 9/3, 319-347.



- Moreno Cabrera, J. C. (2008): *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*. Barcelona: Península.
- Nogueira López, A. (2008): “Crónica legislativa. Galicia”, *Revista de Llengua i Dret*, 50, 344-354.
- Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (2003): *Aprender para el mundo de mañana. Informe PISA 2003*. Madrid: Santillana, 2005.
- Recalde, M. (1997): *La vitalidad etnolingüística gallega*. Valencia: València: Centro de Estudios sobre Comunicación Interlingüística e Intercultural.
- Recalde, M. (2007): “La construcción lingüística de la identidad social en Galicia: introducción de variedades deslegitimadas en el mercado lingüístico”, *Actas del VI Congreso de Lingüística General*, Madrid: Arco/Libros, V.III, 3715-3733.
- Regueira, X. L. (2000): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.) *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, T. I, 855-875.
- Romaine, S. (2002): “The Impact of Language Policy on Endangered Languages”, en *International Journal on Multicultural Societies*, 4/2. (<http://www.unesco.org/most/v14n2romaine.pdf>)
- Ruíz Vieytez, E. J. (2004): “Lenguas oficiales y lenguas minoritarias: cuestiones sobre su estatuto jurídico a través del derecho comparado”, *II Simposi Internacional Mercator: Europa 2004: Un nou marc per a totes les llengües?* Tarragona, 27-28 de febrero de 2004 (<http://www.ciemen.cat/mercator/pdf/simp-vieytez.pdf>).
- Siguán, M. (1992): *España plurilingüe*. Madrid: Alianza Universidad.
- Siguán, M. (1996): *La Europa de las lenguas*. Madrid: Alianza Universidad.
- Vernet, J. (2007): “El pluralismo lingüístico”, en J. Vernet e R. Punset, *Lenguas y Constitución*. Madrid: Iustel, 17-54.
- Xunta de Galicia (2006): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística.